


PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES



(os símbolos pictográficos empregados son propiedade do *Goberno de Aragón* e creados por Sergio Palao para *ARASAAC* (<http://www.arasaac.org>), que os distribúe baixo a *Licencia Creative Commons BY-NC-SA*)

[Versión 1.0_maio 2024]



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO NORMATIVO.....	3
3. CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE.....	4
4. OBXECTIVOS (xerais e específicos).....	4
5. ACTIVIDADES.....	6
6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS, COORDINACIÓN, PUBLICIDADE E DIFUSIÓN.....	6
7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	7
8. AVALIACIÓN.....	7
ANEXO I.....	8



1. INTRODUCIÓN

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, recolle no art. 2, a adquisición e desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte como un dos fins da educación. Nese senso, a disposición adicional 40^a reflicte que as Administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a alimentación saudable formen parte do comportamento infantil e xuvenil, seguindo as recomendacións dos organismos competentes e garantindo un axeitado desenvolvemento de alimentación e a mobilidade activa, reducindo o sedentarismo. Así pois, tamén queda escrito que os centros impulsarán o desenvolvemento de actividades docentes en espazos abertos e entornos naturais, sendo o seu deseño, coordinación e supervisión das medidas que a estes efectos se adopten asumidos polo profesorado coa cualificación ou especialización axeitada nestes ámbitos.

Os Reais Decretos das ensinanzas mínimas de infantil e primaria, respectivamente, recollen e concretan hábitos de vida activa e saudable no ámbito do ensino en ámbalas dúas etapas educativas.

O DECRETO 150/2022, do 8 de setembro e o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, recollen claramente a transversalidade da necesidade da adquisición de hábitos de vida activa e saudable.

Ademais, ámbolos dous decretos recollen, no seu art. 31 e 35 respectivamente de cada documento, que lle corresponde aos centros docentes incluir no seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma por parte do alumnado, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións. Concreta tamén, tal e como recolle o referido na Lei Orgánica, que o deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa cualificación ou especialización adecuada, e de acordo aos recursos dispoñibles.

2. MARCO NORMATIVO

O presente documento baséase, e toma como referencia, a normativa vixente que se cita deseguido:

- **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.** (BOE, 04/05/2006; n.^º 106)
- **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación** (BOE, 30/12/2020; n.^º 340)
- **Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas na Educación Primaria** (BOE, 02/02/2022; n.^º 28)
- **Real Decreto 157/2022, de 1 de maio, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas na Educación Primaria** (BOE, 02/03/2022; n.^º 52)
- **DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia** (DOG, 09/09/2022; n.^º 172)
- **DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.** (DOG, 26/09/2022; n.^º 183)
- **ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.** (DOG, 26/10/2021; n.^º 206)



3. CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE

O CEIP Plurilingüe Bragade está situado na localidade de Cesuras no concello de Oza-Cesuras, que posúe un territorio de 151,62 km² e encóntrase na área interior da provincia da Coruña, ao sur de Betanzos: limita ao norte co concello de Betanzos e Coirós, ao sur con Mesía e Curtis, polo leste con Aranga e ao oeste con Abegondo.

No tocante á ampliación de información do centro, pódese remitir a diferente documentación dispoñible e publicada na páxina web oficial deste, dentro do apartado denominado *documentos e impresos* (enderezo URL e ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcesuras/documentos>).

En relación ao presente plan, no contexto vese por un lado, de xeito moi xenérico, o importante enclave natural e rural no que as instalacións deste colexio se atopa; por outro lado, coa realización dunha análise DAFO pódese observar o seguinte:

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> Aumento do alumnado e diminución do profesorado no curso 2023/24. Saturación de carga de traballo do profesorado para unha óptima implantación e seguimento do plan. 	<ul style="list-style-type: none"> Fomento de hábitos de vida sedentaria, mal equilibrada e de mala alimentación no alumnado polos medios tecnolóxicos. Cambios (eliminación total ou parcial) de convocatorias de fomento de hábitos de vida activa e saudable.
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> Comedor xestión directa (obtención de xénero de alta calidad e proximidade) Histórico de concorrencia e práctica de proxectos de hábitos físicos e saudables: <ul style="list-style-type: none"> Alimentación (Proxecta+: Nutriescolas, Aliméntate ben; CPinnova: EDUsaúde...) Act. Física (Proxecta+: PVAD, XOGADE, CPinnova, ...) Como consecuencia da concorrencia, existencia da dotación dun orzamento <i>ad hoc</i>. Existencia, práctica e normalización de hábitos de alumnado tales como hixiene de mans, bucodental, exercicio físico, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> Mantemento e novas modalidades de convocatorias que potencien o fomento de hábitos de vida activa e saudable.

4. OBXECTIVOS (xerais e específicos)

- Obxectivos xerais:**

Os obxectivos xerais a acadar mediante a elaboración deste Plan concréтанse da seguinte forma:

- Promover modelos de mobilidade activa e actividade física para o centro e a vida.
- Potenciar e levar a cabo hábitos de vida saudable no alumnado no centro e fóra deste.



- Crear no alumnado situacións de aprendizaxe que fomenten a reflexión sobre a necesidade da adquisición de hábitos de vida activa e saudable.
- Dotar o centro de material de xogo/deporte para uso do alumnado no recreo e tempo de lecer.
- Concorrer e participar anualmente nalgunha/s da/s iniciativa/s ofertadas por esta Consellería vencellada en temática de actividade física e/ou hábitos de vida saudable.
- Elaborar un menú de comedor escolar san, rico, variado e equilibrado seguindo pautas nutricionais facilitadas polo/s organismos/s competente/s.
- Publicar e difundir o menú do comedor escolar así como as actividades levadas a cabo no centro relacionadas coa actividade física e hábitos de vida saudable.
- Continuar adquirindo xénero de boa calidade no comedor escolar.
- Posibilitar a participación do alumnado na elaboración do menú do comedor escolar seguindo parámetros nutricionais equilibrados.

● Obxectivos específicos:

Os obxectivos específicos a acadar mediante a elaboración deste Plan concretánse da seguinte forma:

- Fomentar a actividade física e mobilidade activa a nivel curricular e transversal a través das áreas curriculares de educación infantil, especialmente as de Crecemento e Harmonía e Comunicación e Representación da Realidade, por parte de todo o profesorado desta etapa.
- Fomentar a actividade física e mobilidade activa a nivel curricular e transversal, especialmente a través das materias Educación Física e Música e Danza na etapa de primaria.
- Impartir 1 sesión semanal da/o Mestra/e de Ed. Física, 1 sesión semanal da/o Mestra/e de Ed. Musical e, como mínimo, 1 sesión semanal da/o Mestra/e de LE:inglés en cada grupo de Infantil con boa carga da vivencia corporal activa e física a través do movemento, a música, o xogo e a danza.
- Destinar, programar e levar a cabo sempre unha parte da sesión semanal de Música e Danza en primaria en cada grupo para actividades relacionadas co movemento e a danza.
- Adquirir/Actualizar elementos de material de xogo e deporte para uso do alumnado no tempo de recreo e lecer.
- Ofertar nas actividades extraescolares do centro, como mínimo, dúas actividades semanais de actividade física.
- Publicitar e difundir as actividades de actividade física e hábitos saudables no centro na páxina web e/ou RR.SS. do centro.
- Ofertar/Impartir, alomenos, unha charla anual formativa sobre a perigosidade e nocividade para a saúde de elementos tales como o alcohol, tabaco e as drogas e a súa prevención.
- Publicar na páxina web oficial do centro o menú mensual do comedor, sección comedor e madrugadores (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcesuras/comedoremadrugadores>) e entregar unha copia física para cada alumna/o, incluindo os alérxeños así como indicacións e pautas nutricionais para complementar o xantar do centro coa cea da casa.
- Lembrar (e supervisar no máis pequeno) o lavado de mans antes da merenda e o xantar.
- Posibilitar a confección dun menú quincenal por parte do alumnado, seguindo este directrices e parámetros de equilibrio e adecuación nutricional.
- Publicar nas RR.SS. unha fotografía diaria do menú de comedor escolar correspondente.
- Habilitar un espazo e mobiliario para o uso da hixiene bucodental do alumnado tralo xantar, fomentando e supervisando esta e asistindo o alumnado máis pequeno.



5. ACTIVIDADES

Neste apartado cítanse algunas das actividades específicas (non constan as transversais curriculares das materias pola súa natureza) a desenvolver no centro en prol da consecución dos obxectivos reflectidos no presente plan:

Nº	ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAL ENCARGADO
1	MENÚ ESPECIAL (confección do menú do comedor por alumnado un venres/2 semanas)	Todo o curso	-Coord.: Encargada/o do Comedor Escolar
2	DENTES SANS (hixiene bucodental do alumnado do tralo servizo do comedor)	Todo o curso	-Coord.: Encargada/o do Comedor Escolar -Persoaal comedor
3	HIDRATACIÓN (inf. conta cun botellín específico para a xornada lectiva e posterior para beber auga cando así o precisan; pri. pode traer un termo con auga fresca para cada día)	Todo o curso	-Coord.: Persoaal titor -Profesorado e persoal non docente
4	CARREIRA SOLIDARIA (realización dunha carreira solidaria de alumnado, profesorado e familias e cuxas doazóns se envían a unha ONG)	2º trim.	-Coord.: Coord. de Act. Compl. e Extr. -Profesorado

6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS, COORDINACIÓN, PUBLICIDADE E DIFUSIÓN

■ Recursos humanos e coordinación

Os recursos humanos do centro comprenden o equipo directivo, a persoa encargada do comedor escolar, o profesorado do centro e o persoal non docente (Consellería, comunidade educativa, ANPA e Concello de Oza-Cesuras, persoas monitoras das activ. extr.).

A nivel organizativo xeral, a dinamización e supervisión correspóndeselle ao Equipo Directivo, establecéndose, non obstante, a seguinte subdivisión a nivel de coordinación:

- Coordinación no ámbito académico e recreo lectivo: Mestra/e especialista en Educación Física
- Coordinación no ámbito do comedor escolar: Encargada/o do comedor escolar
- Coordinación no resto de ámbitos: Coordinador/a de Activ. Complementarias e Extraescolares

Entre os recursos materiais, recóllense (incluíndo o dixital, mobiliario, a publicidade e a difusión):

■ Recursos materiais, publicidade e difusión

- Material de xogo e deporte para o alumnado
- Botellíns e termos para a auga do alumnado
- Móbil e ordenador de centro para a publicación difusión das actividades
- Folios a cor para a distribución física do menú mensual do comedor escolar
- Mobiliario e celas para os kits de hixiene bucodental
- Páxina web oficial (sección documentos e impresos www.edu.xunta.gal/centros/ceipcesuras/documentos) para a publicación do plan e outros que houber e RR.SS. (*Facebook, Instagram e Twitter*) do centro
- Taboleiro de anuncios e diferentes espazos do centro
- *Abalarmóbil* e servizo de mensaxería “Whatsapp” de centro (este último para mensaxería xenérica e/ou que non entre en conflito coa protección de datos)



7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Non todo o mundo avanza ao mesmo ritmo nin ten as mesmas dificultades. Por iso, no caso daquel alumnado que puider contar con NEE e/ou NEAE farase un especial esforzo e coidado en facilitar e adaptar os recursos existentes e a atención que foren precisos para, por un lado, posibilitar e facilitar a súa comprensión do traballado, e, por outro, o procurar o axeitado uso dos recursos materiais.

8. AVALIACIÓN

■ Seguimento

Ao remate do 1º e 2º trimestre realizarase un seguimento deste plan para comprobar o seu grao xeral de aplicación; ao final de curso este será más exhaustivo e terá en conta os seguintes puntos:

- **Indicadores de logro:**

Como parte dos obxectivos anteriormente propostos establecense os seguintes indicadores de logro:

	Indicador de logro	Grao de cumprimento (moi alto/alto/medio/baixo/moi baixo)
1	Cumpríronse os obxectivos xerais	
2	Cumpríronse os obxectivos específicos	
3	Leváronse a cabo as actividades do apdo. 5 deste plan	

- **Grao de cumprimento:**

Tendo en conta os resultados acadados en base en relación aos indicadores de logro establecidos á hora da implantación deste plan establecerase o grao cumprimento:

Moi baixo	Baixo	Medio	Alto	Moi alto
-----------	-------	-------	------	----------

- **Reflexión/Propostas de mellora:**

De cara ao vindeiro curso teranse en conta o seguinte: ...

O resultado final do seguimento, os indicadores de logro, o grao de cumprimento e as propostas de mellora reflectiranse na Memoria da Programación Xeral Anual en base ao modelo *Anexo I*.

Elaborado pola Dirección do centro e o GT (Grupo de Traballo) C2305095-PFPP 2023/2024 do centro.

Vº bo e pr. polo Claustro de Mestres o 06 de maio de 2024.

Aprobado polo Consello Escolar o 06 de maio de 2024.

Enviado ao Servizo de Inspección Educativa o 06 de maio de 2024.

Asinado electrónicamente en Cesuras

O Director:

D. Israel Arranz Carreño

Lugar A Casagrande, 15
15391 Dordoña (Oza-Cesuras)
T. +34 881 880 509
ceip.cesuras@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcesuras/>



ANEXO I

AVALIACIÓN

PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE

Curso académico

SEGUIMENTO

Trim.	Data reunión	Observacións do grao xeral de aplicación
1º		
2º		
FIN CURSO		

INDICADORES DE LOGRO

Nº	Indicador de logro	Grao de cumprimento (moi alto/alto/medio/baixo/moi baixo)
1	Cumpríronse os obxectivos xerais	
2	Cumpríronse os obxectivos específicos	
3	Cumpríronse as actividades do apdo. 5	
4	...	
5	...	

GRAO DE CUMPRIMENTO XERAL

(moi alto / alto / medio / baixo / moi baixo)

REFLEXIÓN/PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao vindeiro curso:

